

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Ano 1.


Nº. 8

Xaneiro-Febrero 2007

D.L. Ou.-67/2006



Colección de debuxos de Ático Noguero



Os documentos protagonistas deste mes son parte dos 42 debuxos de Ático Noguero que conforman unha pequena e curiosa colección conservada no AHPOU (caixa 9579), pertencente no seu día a **Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas"**, e como tal inserida no fondo que leva o nome deste último.

Ático Noguero (1888-1942), ourensán "devoto da súa cidade natal", de vida azarosa na súa xuventude e empregado do Concello na súa madurez, era coñecido na cidade pola súa "prodixiosa memoria visual" para evocar de palabra ou plasmados en papel edificacións, lugares, sucesos, obxectos, persoas e personaxes do Ourense de finais do século XIX e principios do XX "con tal completa minuciosidade, que non faltaba alí nin un só cristal dunha soa ventá...". Este peculiar cronista da cidade gustaba da conversa, coa que enriquecía os seus recordos preguntando aos máis vellos, e complementaba esta historia oral pescudando na antiga documentación do Arquivo do Concello. Compañeiro de escola de **Risco, Otero Pedrayo e Florentino Cuevillas**, a cuxa infancia alude no texto dun dos debuxos que publicamos, mantivo co último unha entrañable amizade durante toda a súa vida¹.

Os debuxos desta colección conteñen a recreación de escenas e edificacións aurienses desaparecidas ou modificadas ao longo do tempo, xunto con variados obxectos mobles. O principal valor destes debuxos, realizados sen intencionalidade artística, reside no seu carácter testemuñal e ilustrativo de estampas do pasado da cidade pouco documentadas graficamente; valor substancialmente enriquecido polo texto

explicativo que as acompaña, moitas veces máis interesante que o propio debuxo. Son liñas cargadas de retranca, a maioría escritas nunha estraña mistura de galego e castelán, que aportan detalles curiosos sobre a vida cotiá e rexoubas non sempre ben intencionadas mesturados, ás veces, con experiencias autobiográficas da infancia do autor.

Poden atoparse reconstrucións de edificios desaparecidos (as antigas casas consistoriais, o vello Hospital de San Roque, o Convento de San Domingos...), de edificacións e espazos urbanos alterados (a igrexa de San Francisco, as prazas da Leña e do Bispo Cesáreo, a Alameda...), ou de fontes desaparecidas ou modificadas. Outros debuxos son verdadeiros apuntes etnográficos sobre obxectos populares como o "**birimbán**", as "**castañolas**", as "**trécolas**" da Catedral, ou os xigantes e cabezudos, sempre asociados a recordos infantís. Os medios de transporte público ou privado tamén teñen representación: biciclos e triciclos, as "**carretelas**" particulares, os "**Riperts**" ou "**coches do Lobit**" -servizo de transporte público urbano de tracción animal-, os **coches de cabalos** que unían Ourense con Santiago e Verín, etc. Tamén recrea escenas da cidade como o pasacalles dos xigantes do Concello, ou sucesos sonados como o asasinato dun xornalista de *El Derecho* a mans da Garda Civil.

Constitúen, en definitiva, un material fragmentario pero útil para a historia da cidade, unha especie de "arqueoloxía" da lembranza que nos invita a unha viaxe retrospectiva por espazos e vivencias esquecidos para sempre de non ser por estes testemuños.

¹ Proba desta relación é o artigo LÓPEZ CUEVILLAS, F. "Ático Noguero", en *Cosas de Ourense*, Ourense: Excmo. Ayuntamiento, 1969, pp. 293-295, de onde se extraeron os datos biográficos e as citas entre comiñas do texto, traducidas do orixinal en castelán. En NOGUEROL IGLESIAS, A., "Del Ourense antigo", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Ourense*, fasc. I-IV, T. XX, 1959-1960, redactado por Xaquín Lorenzo, pódense atopar algúns datos máis sobre o autor dos debuxos.

"Así era ou debía ser las Casas Consistoriales...,



... algus dicen que tiña dos escudos outros dicen que un, todos dicen que había dos buratos redondos na cima cerca do tellado.

Algus dicen que tina dos pisos, casi todos un, e sacoume de duda ó **Quinteiros** que foi ali a escola, é os dous pisos eran pola parte de atrás...

O portal tiña á porta redonda ó lado había duas ventanas con reixa no primeiro un balcon grande no medio e dos pequenos a ós lados, estos tiñan á barandilla de ferro,...dentro había capilla, é sin duda á ó haber capilla tiña que haber cementerio, á proba é que os facinerosos é ladrós que mataba á Xusticia, por no enterralos en terra bendita, enterrábanos detrás de esta capilla, así foi que cuando fixeron á **Casa do Bobillo** encontraron esqueletos... Este edificio ocupa á parte que esta no principio da **calle de Paz Nova**, é decir á fachada daba á **calle do Instituto**, desde ó balcon do medio foi donde nas **festas do Padre Feijoo** houbo luz eléctrica"

Así era ou debía ser las Casas Consistoriales, hay que diferenciarla del Corregimiento, pues esta era la del Corregidor de la plaza de...

"Este rapaz da izquérda son eu, o da dereita é Otero Pedrayo, eu voy con un a varilla de un fuego na mao na outra mao levo un <a> pedra..."



...sempre tiña que ir diante dos Xigantes e Cabezudos.

Estos **Xigantes é Cabezudos**, iban en todas as **festas de Orense**, un gaitero marchaba detrás de iles, é nas casas principais... paraban é bailaban; os Cabezudos non están pintados por que no sei facelos, estos eran de cabeza grande de cartón é vestidos de gallegos, un a parexa.

Pero vamos a o dibuxo, nun lado estou eu, é no outro o **Otero Pedrayo**, collido da mao do Pai, que está sin pintar, por que tampouco sei, pero ó pai, tiña parecido o ex - ministro Socialista **Fernández de los Rios**; Xa dixen mais de un <a> vez que este Otero nunca foi rapaz, e decir, nunca cheirou á cacagüeses nin á tabaco, cheiraba á nai, á pai, á criada, á libros, nunca na sua vida se peleo, nin tirou pedras, nin se metia cos guardias, nin cos catedráticos, nin cos corvos, que eran un os estudantes de una que había, y as cantinas oia falar de elas, así que non e extraño que fora un bo rapaz é un bo estudante."

"Soportales de la plaza de las damas, hoy calle de Modesto Fernández, le llaman también Plaza de la Fruta."



Esta quijotada o chafallada, es, una de la industrias que había en esta ciudad y que desapareció por completo, eran industrias particulares y se dedicaban a hacer Cordones entrecruzados de lana, algodón, seda é hilo, de varios colores, estos colores, eran según al santo ó santa a que estaban dedicados, sujetando el hábito, también hacían Cordones para los estandartes y para los pendones, algunos de oro, por lo menos de color del oro, porque yo, desde aquel á entonces no se como es el oro.

Esta lámina representa una **mujer haciendo Cordones** en los soportales de la casa de **D. Luis Coleman**... había siempre debajo de los soportales, tres ó cuatro mujeres haciendo Cordones y había un hombre pequeño que le llamaban **Sr. Benito**, a este cuando estaba mas entusiasmado haciendo esa calceta, le dabamos carrachos en el pescuezo, que creo, que por media hora ó mas, le debía de doler, porque pasábamos dentro de media hora y aún tenía el pescuezo colorado, y seguía haciendo Cordones.

Había un estribillo para recitar en alto y muy deprisa que decía

Collin cordós, cordós collin

Collin cordós A veira do rio

Collin cordos, cordós collin. etc. etc. etc."

A las que se dedicaban a esta industria, le llamaban **Cordoneiras**, que se diferencia a los que vendían Cordós na feira, que le llamaban **Cordoleiros**"

Dirección e coordinación: P. Sánchez Ferro ; textos: F. Sandoval Vereá coa supervisión do Equipo técnico do AHPOu (M.A. Enjo Babío, E. Fernández Pérez, A. López Martínez, M.J. Losada Meléndez e R. Silva Poceiro)

Reproducción de documentos: Dolores González Domínguez e Longina Gómez Vázquez; envío: Teresa Barreiro Rodríguez

As persoas interesadas en recibir Fronda poden dirixir as súas solicitudes ao Arquivo Histórico Provincial de Ourense. R/ Hernán Cortés 2, 32005. Ourense, ou ao seguinte enderezo electrónico arq.prov.ourense@xunta.es.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE
Arquivo Histórico Provincial